



Expediente núm.: 1937/2024

Contrato: C24/10 Iluminación ornamental Festas do Cristo (Lote 1) e Nadal (Lote 2)

Asunto: Acta da Mesa de Contratación

Data e hora: 16.08.2024 _9:00

Lugar de celebración: Sala de Xuntas

Sendo ás 9:25 horas do día sinalado, previa convocatoria reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se indican, para o estudo e debate dos asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria.

ASISTENTES:

Presidenta: Araceli Gestido Rodríguez - Alcaldesa

Secretaria da mesa: Paula Piñeiro Portela –TAX Apoio Xurídico a Secretaría

Vogais:

Alfonso J. Lage Pérez – Secretario Acctal.

Rita Suárez García –Aux. administrativa Intervención

Xiana Abal Augusto –Concelleira de Facenda

Mercedes Lorenzo Núñez –Técnica de Xuventude

Alfonso Sestay Martínez –Operario servizos técnicos municipais

Logo da constitución formal da mesa, a secretaria informa das ofertas recibidas electrónicamente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (en adiante PLACSP) no prazo outorgado ao efecto, que comprendía desde o día 31 de xullo ao 14 de agosto ás 23:59 horas. Os licitadores presentados son os seguintes:

	LICITADOR	NIF	DATA
1	Creaciones Luminosas S.L.	B36351484	14/08/2024_09:42

PRIMEIRO.- Apertura e cualificación administrativa

Procédese á apertura do SOBRE A e descarga da documentación administrativa. Examinados o DEUC e a declaración responsable do licitador compróbase que se axusta ao establecido no prego e que declara cumprir cos requisitos de participación.

O resultado da valoración da documentación é a seguinte:

	DOCUMENTACIÓN SOBRE A	
1	DEUC	Cumpre
2	Declaración Responsable Múltiple	Cumpre
CUALIFICACIÓN		ADMITIDO





SEGUNDO.- Apertura criterios baseados en xuízos de valor

Neste acto compróbase que o licitador só presenta oferta ao LOTE 1 (Festas do Cristo) e non ao LOTE 2 (Nadal). Procédese á apertura do SOBRE B que contén a oferta técnica avaliable mediante xuízos de valor. A Mesa acorda remitila aos servizos técnicos municipais para a súa valoración, solicitando que na medida do posible o informe sexa emitido no mesmo día debido á necesidade de axilizar trámites e apurar a adxudicación.

Ás 9:42 a Presidenta suspende a reunión que reanuda ás 12:52 logo de recibir o informe de valoración dos servizos técnicos municipais.

TERCEIRO.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor

Neste punto a Mesa acorda asumir a valoración realizada co seguinte resultado:

	CRITERIO	PUNTOS
1.	Complexidade	14
2.	Adecuación das dimensións dos elementos luminosos propostos aos espazos para iluminar	10
3.	Innovación	10
4.	Representatividade	5
5.	Plan de instalacións e mantemento	1
TOTAL		40

CUARTO.- Apertura criterios avaliados automaticamente

Procédese á apertura do Sobre C “Oferta económica” da única empresa que participa na licitación e á descarga da documentación que contén o sobre.

QUINTO.- Valoración criterios avaliados automaticamente

Logo da lectura da oferta presentada procédese á valoración:

CRITERIO	OFERTA	PUNTOS
Prezo	22.067,98 €/ano	45
Contrato de subministración de enerxía eléctrica renovable	si	5
Resolución de incidencias nun prazo máximo de 2 horas	si	5
TOTAL		55

O resultado final da valoración é o seguinte:

LICITADOR	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
CREACIONES LUMINOSAS S.L.	40	55	95





SEXTO.- Proposta de adxudicación

A Mesa acorda o seguinte respecto de cada un dos lotes:

- LOTE 1: propón a adxudicación do contrato a favor do licitador Creaciones Luminosas S.L.
- LOTE 2: propón declarar deserta a licitación deste lote por non ter recibido ningunha oferta.

SÉTIMO.- Requirimento de documentación

A Mesa acorda requirir a Creaciones Luminosas S.L. para que achegue a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do artigo 140.1 da LCSP e que non constan inscritas no ROLECE nin no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, así como o xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación.

Non habendo máis puntos que tratar nin intervencións, a Presidenta dá por terminada a reunión ás 13:20 horas, e para que quede constancia do actuado a secretaria da mesa redacta a acta que asina co Vº e praxe da Presidenta.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

De acordo co disposto no artigo 18.2 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, esta acta remitirase a través de medios electrónicos aos membros da Mesa, quen poderá manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto a efectos da súa aprobación, considerándose, en caso afirmativo, aprobada na mesma reunión.

